

Os Kíts Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



Nivel Básico 👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-Cosendo co teu pai 1-Crea

Actividade elaborada coa colaboración de



Achega

- Feltro de cores.
- Tesoira.
- Agulla, dedal e broches metálicos.
- Pila botón 3V 2032.
- Fío téxtil e condutivo.
- Cartón fino.
- Modelos descargables.

Observa

Os téxtiles electrónicos son tecidos que incorporan compoñentes electrónicos como baterías, sensores, *LEDs* ou pequenos microcontroladores programables. O seu campo de aplicación abarca desde a moda ata os videoxogos, o deseño de produtos, a arte ou a internet das cousas.

Indaga

- En todos os circuítos que constrúas, téxtiles ou non, sempre ten que haber un compoñente fundamental, a pila ou batería. E por que é tan importante a súa presenza? Porque subministra a enerxía necesaria para o correcto funcionamento dos demais compoñentes. Podes argallar un circuítos xeitoso sen unha fonte de enerxía? Poderá funcionar dalgún xeito?
- Un grupo de arqueólogos fixeron un fascinante descubrimento nunha aldea próxima a Bagdad en 1927. Alí atoparon un conxunto de recipientes de terracota, cada unha das cales contiña un rolo de lámina de cobre que albergaba unha balea de ferro. Pénsase que poderían ser antigas celas galvánicas, cunha antigüidade de ao redor de 2.000 anos. A este creativo invento coñéceselle como a "Batería de Bagdad"

- Cobre e ferro son os dous elementos destas baterías primixenias. Poderían substituírse por outros materiais e seguir producindo enerxía?

Prototipa

- As pilas convencionais tipo botón, que atopas neste kit, teñen un exterior metálico. Podes atopar algún símbolo nelas? Que significado teñen?
- Agora imos fabricar un dispositivo moi sinxelo que terá a importante función de suxeitar a nosa pila botón no resto dos pequenos proxectos deste kit.
- Sigue as indicacións do documento paso a paso e crea o portapilas no que tamén podes introducir modificacións se o desexas.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

